

2. As Cortes de Cádiz de a Constitución de 1812

A partir dos seguintes documentos elaboraremos una composición de texto histórico sobre as Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812 (1808-1814).

A partir da derrota en Trafalgar da Armada francoespañola en 1805 Napoleón decreta o Bloqueo continental como plan alternativo para derrotar a Reino Unido. Portugal, ao negarse a acatar tal bloqueo, é invadido por Francia que pactará con España a través de Godoy, valido de Carlos IV, no Tratado de Fontainebleau (1807) as condicións do paso das tropas francesas cara Portugal e o posterior desmembramento en tres reinos, quedando a parte sur (Reino dos Algarves) para o propio Godoy.

En 1808 as tropas napoleónicas entran en España, pero a sospeita de Godoy de que Napoleón intentase conquistar a península fixo que este e máis o rei se trasladasen a Aranjuez. Fernando, fillo de Carlos IV, temeroso de perder o trono polo poder que estaba a acadar Godoy, creou un partido opositor nas Cortes co fin de desprestixiar o valido. A mediados de ano prodúcese o Motín de Aranjuez en Madrid, obrigando a Carlos IV a abdicar en Fernando, nomeado novo rei de España.

Carlos IV pide axuda a Napoleón, o cal, consciente da decadencia da monarquía española, reúne a familia real en Baiona nas coñecidas como Abdicacións de Baiona (1808) e obrígalle a Fernando a devolverlle a coroa a Carlos, o cal, por orde de Napoleón, lle cede a coroa a este, e Napoleón a su vez, entrégasella a seu irmán, que se converte en Xose I, rei de España.

Xosé I implantou os ideais liberais vixentes en Francia e creou a denominada Consitución de Baiona (1808) mediante Carta Outorgada na que se autolimitaba os poderes. Era unha Constitución conservadora que establecía unha monarquía na que o rei seguía sendo o centro de todo o sistema, pero cunha certa separación e limitación de poderes. Suprimiu os dereitos señoriais, reduciu as ordes relixiosas masculinas así como eliminou a Santa Inquisición. Tratou de potenciar a liberdade económica mediante a eliminación das aduanas interiores e aranceis. Fomentou a creación de escolas e a centralización da administración. Estas medidas, principalmente a extinción dos privilexios señoriais, supuxeron a abolición das estruturas do Antigo Réxime quitándolle poder á Igrexa e á nobreza, os seus opoñentes, e gañándose a simpatía da burguesía. Xosé I tentou gobernar España con intencións de cambio e renovación, pero atopouse cun país en guerra e cos intentos de Napoleón de anexionalo, ademais da oposición das masas populares, manipuladas pola nobreza e o clero, que o alcumaron Pepe Botella e rei Pepino.

No 1808 o traslado da familia real a Francia provocou un malestar en Madrid que se traduciría na sublevación do 2 de maio de 1808 que deu inicio a unha dura guerra contra os franceses que duraría 6 anos.

Durante a Guerra de Independencia as revoltas populares desembocan na creación de Xuntas locais de Defensa co obxectivo de plantexar unha defensa contra a invasión francesa e de encher o baleiro de poder (xa que non recoñecían a Xosé I) que se reunían en Xuntas provinciais coordinadas pola Xunta suprema central. Durante a profunda crise creada pola guerra, a Xunta Central Suprema, ordenou a celebración das Cortes. A celebración das Cortes de Cádiz (convocadas o 24 de setembro de 1810) estiveron compostas na súa maioría

2. As Cortes de Cádiz de a Constitución de 1812

polas clases urbanas instruídas, o clero medio urbano e ilustrado, os avogados e os militares. Foron escasos os comerciantes e nobres e non asistiu ningún campesiño. Os presentes podíanse dividir en liberais, realistas e absolutistas.

A sociedade española dividiuse en dous bandos, os fernandinos, que defendían o dereito de Fernando a ser o monarca, e os afrancesados, principalmente burgueses, que apoiaban aos franceses. Os fernandinos crearon Xuntas territoriais para xestionar a súa oposición artelladas nun sistema de xuntas locais representadas nas xuntas provinciais baixo o mando da Xunta suprema central. Á súa vez, os fernandinos estaban divididos en dous grupos, os absolutistas, partidarios do mantemento da soberanía real, e os liberais, que se opoñían á volta ó Antigo Réxime.

En 1810 reuníronse na Xunta Suprema Central en Cádiz para decidir cómo sería o goberno que establecerían tras rematar o conflito. A causa da guerra que se estaba librando, tan só parte dos participantes lograron chegar a Cádiz, pero a maioría dos que o conseguiron eran liberais (províntes principalmente do espazo urbano). Por tanto, leva á votación dunha monarquía constitucional liberal. Estableceron unha assemblea constituínte que aprobaría en 1812 a Constitución de Cádiz. Esta combinaba liberalismo doutrinario e democrático. Existía unha soberanía compartida, polo que o poder lexislativo dependía dunha cámara, elixida a través da soberanía popular, e do monarca. O poder executivo atopábase nas mans do rei e o xudicial nos tribunais de xustiza. Entre outras medidas, xeneralizábase o pago de impostos a toda a sociedade e declarábase a relixión católica como oficial, non permitíndo a liberdade de cultos.

A pesar de que esta Constitución non tivera un efecto práctico inmediato debido á invasión francesa, é un documento revolucionario. Alteraba as bases políticas e sociais e tiña como obxectivo abolir o absolutismo monárquico. De feito, xoga un papel importante posteriormente na historia, pois é utilizada durante o trienio liberal ou como base para a creación da Constitución de 1837.

As Cortes de Cádiz estableceron un modelo político, administrativo, social e económico inspirado nos principios do liberalismo. As Cortes proclaman a Constitución (Asamblea constituínte) coñecida como a Pepa por ser aprobada o 19 de marzo (aniversario da subida ao trono de Fernando VII). A Constitución recolle o espírito e as ideas liberais da maioría dos deputados presentes en Cádiz, como a soberanía popular, a monarquía como forma de goberno, separación de poderes (non rixida, con soberanía compartida), a defensa dos dereitos e liberdades dos cidadáns, igualdade entre penínsulares e americanos, a confesionalidade católica do Estado e créase, ademais, a Milicia nacional.

En 1813, Napoleón centra os seus esforzos na invasión de Rusia, polo que retira tropas da fronte española. Isto causa sucesivas derrotas francesas, e finalmente en 1814 asínase o Tratado de Valençai, polo que xosé Abdica e Fernando VII recupera o trono. Trala derrota de Napoleón, as principais potencias europeas celebran o Congreso de Viena, co fin de restablecer o status quo. Créase a Santa Alianza, unha unión das potencias absolutistas que xuran defender este modelo fronte ó liberal.

2. As Cortes de Cádiz de a Constitución de 1812

Cando en 1814 Fernando chega a España, faino coa idea de asinar a Constitución do 12 e converterse en monarca constitucional. Pero un grupo de deputados madrileños preséntanlle o Manifesto dos Persas, no que se declaraba a vontade do pobo de establecer unha monarquía absolutista. Fernando asina este documento e decreta nula a Constitución. A volta ao absolutismo é aceptada polo pobo, que vía o liberalismo como unha agresión á relixión.

En Galicia, destaca o caso do Marqués de Sargadelos, un afrancesado que produce armas e esta a favor do sistema capitalista, que é asasinado por unha turba tras ser acusado de afrancesamento.

Como conclusión, a Constitución do 12 trátase da primeira posta en práctica do liberalismo en España, aínda que non ten un efecto práctico ata o trienio liberal, onde o fai de maneira breve. O asentamento do liberalismo non terá lugar ata o conflito sucesorio no comezo do reinado de Isabel.